



## RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 27.05.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 27.05.2026, tomou os seguintes acordos:

- 1. Altas, baixas e cambios no censo de colexiación e na quenda de oficio.** Tramitáronse e aprobáronse: 2 altas como non exercentes; 2 cambios de exercentes a non exercentes; 1 cambio de non exercente a exercente; 1 baixa de non exercente.  
En relación coa quenda de oficio, aprobáronse dúas baixas, unha no partido xudicial de Padrón e outra no de Santiago.
- 2. Informes de honorarios.** Tramitáronse e aprobáronse 42 informes de honorarios para taxacións de custas: 37 de procedementos de nulidade de condicións xerais da contratación (bancario) e 5 sobre outras materias. Coa aprobación destes 42 ditames, levamos realizados 572 no que vai de ano.
- 3. Amparo solicitado por unha colexiada.** Acordouse conceder o amparo colexial solicitado por unha letrada a quen o xulgado non lle concedeu a suspensión dunha vista por estar en situación de baixa médica. Este acordo será remitido ao xulgado correspondente, á Sala de Goberno do TSXG e ao CXPX.
- 4. Escritos e oficios varios.** Atendéronse e tomouse recibo de diversos escritos remitidos polos xulgados e por colexiados/as.
- 5. Dilixencias de información previa.** Unha vez examinadas as correspondentes propostas de resolución, acordouse o arquivo das dilixencias de información previa 35/2025, 40/2025, 5/2026 e 12/2026.
- 6. Outros acordos:**
  - 6.1 Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil.** Acordouse renovar a póliza do seguro de responsabilidade civil coa aseguradora Allianz para a anualidade comprendida entre o 01.07.2026 e o 30.06.2027, cunha redución do 10 % na prima que lle corresponde a cada colexiado/a asegurado/a. Os colexiados e colexiadas que desexen **solicitar a alta ou a baixa** nesta póliza deberán facelo por escrito **antes do vindeiro 18 de xullo ás 14.00 h.**
  - 6.2 Aprobación da Memoria do ICA Santiago 2025.** Acordouse aprobar a Memoria do colexio correspondente ao exercicio 2025. O texto será publicado no Portal de transparencia da páxina web do colexio (no día seguinte ao do acordo).
  - 6.3 Horario de verán das oficinas do colexio.** En cumprimento do establecido no convenio de oficinas e despachos da provincia da Coruña, do 01.06.2026 ao 30.09.2026 as oficinas do colexio terán o seguinte horario de verán: de 8.30 h a 15.00 h.